

Draco sentíase un pouco mal despois de falar co Sabio... comezaba a pensar que facía mal as cousas.

- Andreia, a verdade é que moitas veces me enfado porque teño a impresión de que non fago ben as cousas... Por exemplo, cando quero debuxar algo e non me sae, cando quero axudar e resulta peor... Síntome un pouco torpe.

Estaba tan ensimesmado nos seus pensamentos que non escoitou a música que cada vez se oía máis alto.

- Draco, mira! Son as toupiñas cantareiras!

- As que?

Pero Draco xa comezaba a escoitar a música e entendeu a Andreia.

**Eu... teño... unha habilidade (unha habilidade)**

**Que se me dá moi ben (que se me dá moi ben)**

**Que é escavar na terra (que é escavar na terra)**

**E móvome por aquí**

**E móvome por alá**

**Toda orgullosa**

**Cun pouco de azucre**

**E un pouco de sal**

**E invítote a ti**

**E saes a bailar**

As toupiñas estaban bailando en círculo ao redor dunha delas, e cando miraron a Draco e a Andreia invítáronos a unirse á festa.

- E que temos que facer? -preguntou Draco.

